CONVOCATORIA DE COMPETICIÓNS OFICIAIS E HOMOLOGACIÓN DE PROBAS PARA O CALENDARIO DE CARREIRAS POR MONTAÑA 2027 DA FGM

A Federación Galega de Montañismo informa aos clubs galegos de montañismo que está aberto o prazo para solicitar a inclusión de probas de CxM no calendario oficial co obxecto de formar parte da Copa Galega ou Campionatos 2027, así como para solicitar a homologación de probas.

As competicións oficiais de 2027 serán as seguintes:

- Copa Xunta de Galicia de Carreiras por Montaña, que consistirá nun circuíto de catro a seis probas en categorías absoluta, promesa, júnior, xuvenil, cadete e infantil.
- Campionato de Galicia en liña individual de CxM, en categorías absoluta e promesa.
- Campionato de Galicia en liña individual de CxM en categorías júnior, xuvenil, cadete e infantil.
- Campionato de Galicia en liña de clubs de CxM.
- Campionato de Galicia ultra de CxM.
- Campionato de Galicia de carreira vertical.

Tanto os campionatos de clubs como os individuais poderían coincidir en probas do calendario de copa. Os campionatos das distintas categorías poderían coincidir por axuste do calendario.

A marxe das probas oficiais, en función do número de rapaces competindo en categorías júnior, xuvenil, cadete e infantil, celebraríamos unha xornada de carácter lúdico similiar a unha competición por clubs, cun formato aínda por definir.

1/ Solicitudes

1. As solicitudes de inclusión no calendario e de homologación poden presentarse ata o venres 23 de outubro de 2026.
2. A solicitude farase mediante algunha das seguintes opcións:
    a. formulario en liña: https://forms.gle/ShBtrwMY9JE9SAq8A
    b. envío do anexo I desta circular aos correos fedgalmon@fedgalmon.gal e carreiras@fedgalmon.gal.
3. A solicitude de homologación está aberta a probas organizadas por clubs que forman parte da FGM, a outras entidades culturais e deportivas sen ánimo de lucro (asociacións, clubs deportivos etc) e administracións locais.

2/ Criterios de selección

Na selección das probas que forman parte do calendario teranse en conta os seguintes criterios:

1. **Distribución temporal e xeográfica**: tratará de configurarse un calendario adecuadamente distribuído ao longo do ano e con probas repartidas por toda a xeografía galega.
2. **Adecuación ao calendario FEDME**: terase en conta o calendario FEDME para fixar a data dos campionatos individuais, tanto campionato en liña como campionato ultra.
3. **Potenciación das categorías inferiores**: priorizaranse aquelas probas que teñan percorridos axeitados para as categorías inferiores (de promesa a infantil). Garantirase que todas as categorías inferiores conten polo menos con 4 probas de copa.
4. **Alternancia de probas**: entre aquelas probas que o soliciten e en función do resto de criterios, darase prioridade a probas que non formasen parte do calendario no último ou últimos anos.

3/ Compromisos en probas que formen parte do calendario de competicións

Convenio entre organizador e FGM: os organizadores das probas asinarán un convenio coa FGM onde se recollerán os dereitos e obrigas de ambas partes: tanto os compromisos que figuran nesta lista como os aspectos económicos recollidos a continuación e calquera aspecto que comprometa a ambas partes e non figure no regulamento de CxM da FGM no momento da sinatura.

3.1/ Compromisos da Federación Galega de Montañismo

1. **Eliminación do canon**: a FGM non cobrará en 2027 ao organizador ningún canon, nin pola inclusión no calendario de competición nin pola homologación.
2. **Gastos de arbitraxe a cargo da FGM**: todos os gastos derivados da arbitraxe correrán por conta da FGM, incluíndo os de aloxamento e manutención nos días da proba, da revisión ou, de ser o caso, da homologación.
3. **Deseño de carterlería**: a FGM pon a disposición da organización o deseño da cartelería da proba; unificando todas as probas baixo un mismo formato e respectando os elementos propios de cada unha (imaxes, patrocinadores, colaboradores,...).
4. **Material de sinalización e ambientación do evento**: a FGM facilitará os seguintes elementos para sinalizar e ambientar a competición, como :
    a. Lona traseira de podio con imaxe corporativa da federación (fondo de podio oficial), con trust metálico.

b. Photocall corporativo da FGM.

c. Bandas, velas, carpas corporativas e outros elementos similares para vestir a zona de saída e meta e empregar en puntos de organización, entrega de dorsais ou outros puntos nos que se precisen.

5. **Difusión da proba**: a FGM difundirá o calendario de competición e cada proba a través da súa web, das súas redes sociais, dos seus boletíns para federados e outros medios dos que dispoña.

6. Calquera outra achega por parte da FGM que se poida negociar de aquí ao comezo do calendario (arco de meta, servicio de speaker, …)

3.2/ Compromisos da entidade organizadora

1. **Aceptación e cumprimento do regulamento da FGM**: o regulamento de CxM da FGM que estea en vigor durante o ano 2027 prevalecerá sobre os regulamentos particulares de cada proba, non podendo entrar en conflito. O regulamento da proba será enviado á vogalía de CxM cunha anticipación de 30 días antes de facelo público, para revisar posibles incongruencias.

2. **Identificación na cartelería da proba oficial**: o cartel da proba debe conter certos aspectos distintivos:

   a. Incluír, acompañando o nome da proba, a expresión da competición á que se refire: Proba da Copa Xunta de Galicia de CxM / Campionato en liña individual de CxM etc.

   b. Incluír os logos oficias establecidos: FGM, Deporte Galego, Xunta de Galicia

   c. O cartel debe ser coñecido pola vogalía de CxM antes de facelo público.

   d. A FGM facilitará á organización as denominacións precisas e os logos necesarios.

3. **Garantir a inscrición de deportistas federados**: os organizadores garantirán que os deportistas federados teñen como mínimo 30 días para inscribirse desde a data de inicio de inscrición, ampliando prazas para federados se estas se esgotasen antes dese período.

4. **Promover a participación en categorías inferiores**: os organizadores establecerán prezos especiais para os participantes federados de categoría xuvenil, cadete e infantil, que pode ir desde un 50% de desconto sobre o prezo estipulado para un participante de categoría absoluta na mesma distancia (ou na inmediatamente superior, se non existen absolutos nesa distancia) ata a gratuidade.

5. **Coherencia nas categorías**: as categorías que a organización vaia a premiar non deben entrar en contradición coas fixadas no regulamento da FGM. Non significa isto que a organización teña que premiar as mesmas categorías (por exemplo, non ten por que haber tres subcategorías veterana), pero si deben evitarse rangos de idade que non coincidan cos da FGM (por exemplo, se a organización ten unha subcategoría veterana,

esta comezará en 40 anos cumpridos ao final do ano de competición, e non en 35 ou en 40 cumpridos a data da proba). Terase especialmente en conta que a idade de referencia para todos e todas as participantes será a 31 de decembro do ano en curso na data da competición, como recolle o regulamento de CxM da FGM.

6. **Percorridos homologados**: os percorridos previamente homologados non deben sufrir variacións substanciais que modifiquen de maneira importante o homologado. Na semana previa á celebración, o equipo arbitral solicitará a información que precise para a realización da súa labor.

7. **Material obrigatorio dos participantes**: existe un material obrigatorio no regulamento de CxM, que debe ser recollido no regulamento da proba. O material obrigatorio pode aumentar ou reducirse en función das condicións meteorolóxicas, de común acordo entre a dirección de carreira e o equipo arbitral. O organizador anunciará os cambios no material obrigatorio polo menos con 24 horas de antelación, en redes sociais e/ou mediante comunicación directa aos participantes por correo electrónico.

8. **Difusión axeitada da proba**: a organización colaborará coa FGM para difundir adecuadamente a competición. Crearanse contidos para redes sociais que poidan ser compartidos pola FGM. Publicitarase que a carreira forma parte do calendario oficial. Difundirase o perfil da proba polo menos 15 días antes da celebración.

9. **Peche e envío de inscricións**: debe producirse polo menos 5 días antes da proba. Enviarase a continuación a lista de persoas inscritas a carreiras@fedgalmon.gal. Calquera modificación nas inscricións que se realice con posterioridade debe comunicarse pola mesma canle.

10. **Entrega de dorsais**: todas as persoas participantes identificaranse con documento de identidade (DNI, pasaporte, carné de conducir...) mais a licenza federativa. É importante que isto está recollido no regulamento da proba, para evitar posibles discrepancias na entrega de dorsais.

11. **Facilitar a visibilidade da FGM**: a organización facilitará que a FGM poida empregar elementos de sinaléctica e ambientación na zona de saída e meta e, de ser o casi, poida instalar un stand. Tamén se permitirá que a FGM inclúa material promocional propio na bolsa do corredor.

12. **Entrega de premios**: a FGM e a proba coordinaranse para facer entregas de premios áxiles e cun protocolo acordado en canto a horarios, imaxe do podio etc.

4/ Compromisos voluntarios doutras probas homologadas que non formen parte do calendario de competición

As probas homologadas que non acollan no ano 2027 unha competición oficial poderán beneficiarse, a efectos de difusión, do seu carácter de proba homologada. Trátase dun compromiso recíproco:

1. **A organización comprométese**: a incluír no seu cartel un logotipo de nova creación coa marca "Competición homologada pola FGM" e difundir en redes sociais e outros medios de que dispoña que se trata dunha proba homologada pola FGM.

2. **A cambio, a FGM comprométese**: a difundir a proba na súa web, as súas redes sociais, os seus boletíns para federados e outros medios dos que dispoña.

ANEXO I

SOLICITUDE DE COMPETICIÓN OFICIAL E HOMOLOGACIÓN PARA O CALENDARIO DE CARREIRAS POR MONTAÑA 2027 DA FGM

IDENTIFICACIÓN

Nome da proba	
Nome do organizador	
CIF	
Nome do presidente	
Teléfono de contacto	
Correo electrónico	

DATOS DA PROBA

Competicións que se solicita	☐ Proba de copa ☐ Campionato individual en liña, categorías absoluta e promesa ☐ Campionato individual en liña, categorías júnior, xuvenil, cadete e infantil ☐ Campionato de clubs en liña ☐ Campionato de ultra ☐ Campionato vertical ☐ Homologación da proba	
Data prevista		
Se fose necesario adecuar a data ao calendario galego ou español, a organización estaría disposta a modificala de acordo coa FGM?		Si/Non
Zona ou macizo no que se desenvolve		
Concello de saída/meta		
Provincia		
Distancia/desnivel da proba absoluta	Distancia: km Desnivel: metros positivos	
A proba atravesa algunha vía interurbana?	Si/Non Se a resposta é si, indicar cal:	

CATEGORÍAS INFERIORES

Conta con distancias e desniveis adecuados para outras categorías?	Si/Non. Se a resposta é si, indicar distancia e desnivel en cada caso.	
• **Promesa**	Si/Non	Distancia: km / Desnivel: m+
• **Junior**	Si/Non	Distancia: km / Desnivel: m+
• **Xuvenil**	Si/Non	Distancia: km / Desnivel: m+
• **Cadete**	Si/Non	Distancia: km / Desnivel: m+

• **Infantil**	Si/Non Distancia: km / Desnivel: m+

DISTANCIAS E DESNIVEIS PARA PROBAS DE CXM DA FGM

- **Carreiras en liña**: mínimo 21 km / ata 34 km, desnivel positivo mínimo de 1200 m+ / máis de 34 km. desnivel positivo mínimo de 1500 m+
- **Ultra**: mínimo 60 km, desnivel positivo mínimo de 3000 m+
- **Carreira vertical**: desnivel mínimo de subida: 700 m+, distancia máxima 8 km, máximo de 5% de baixadas, porcentaxe de pendente media entre 20% e 50%

DISTANCIAS E DESNIVEIS PARA PROBAS DE CXM DA FGM EN CATEGORÍAS INFERIORES

- **Promesa**: recomendable ata 31 km e 1550 m+
- **Júnior**: ata 18 km e 900 m+
- **Xuvenil**: ata 14 km e 700 m+
- **Cadete**: ata 10 km e 400 m+
- **Infantil**: ata 5,5 km e 200 m+